

Advertido un erro material na publicación do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles para a Administración do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección:

Na páxina 67301, no punto 10 do cadro de especificacións, onde di:

10	Revisión de prezos	O prezo de adjudicación non sufrirá ningunha alteración durante o primeiro ano de vixencia do contrato e nos anos seguintes só deberá revisarse o prezo de contratación de acordo coa variación do índice de prezos de consumo (IPC) anual estatal entre datas na contía determinada polo artigo 90.3 do TRLCSP.
----	--------------------	--

Debe dicir:

10	Revisión de prezos	Os prezos desta contratación non serán obxecto de revisión, xa que no seu cálculo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo de execución.
----	--------------------	---

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior

**Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 289, do 13 de maio de 2014, do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a xestión e explotación do servizo de cafetería**

Advertido un erro material na publicación do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a xestión e explotación do servizo de cafetería do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección:

Na páxina 67912, no punto 10 do cadro de especificacións, onde di:

10	Revisión de prezos	O prezo de adjudicación e os prezos unitarios das tarifas dos produtos ofertados non sufrirán ningunha alteración durante o primeiro ano de vixencia do contrato. Nos vindeiros anos só poderá revisarse o prezo de acordo coa variación do índice de prezos de consumo (IPC) anual estatal entre datas na contía determinada polo artigo 90.3 da TRLCSP.
----	--------------------	---

Debe dicir:

10	Revisión de prezos	Os prezos desta contratación non serán obxecto de revisión, xa que no seu cálculo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo de execución.
----	--------------------	---

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior

**Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 290, fascículo 2, do día 14 de maio de 2014, en relación coa publicación da pregunta oral en Pleno con carácter de urxencia, epígrafe 1.4.4.1.2. Preguntas urxentes - 23005 (09/POP-002033)**

Advertido un erro material na publicación citada, cómpre efectuar a oportuna corrección.

No sumario e mais na páxina 68098, onde di: «23005 (09/POP-002033)», debe dicir: «23005 (09-PUP-000112)».

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2014

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior